



EDICTO

*Aprobación definitiva do padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública correspondente ao exercicio 2017*

*Recadación e período voluntario de cobranza*

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 15 de xuño de 2017, aprobou definitivamente o *padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* correspondente ao exercicio económico 2017, por importe de 158.263,91 euros.

A *xestión da recadación da citada taxa* está delegada na *Excma. Deputación Provincial da Coruña*, polo que os suxeitos pasivos e obrigados tributarios deberán efectuar o pago da mesma na forma e no prazo que este Organismo estableza, o que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello no vindeiro mes de setembro.

Tamén, polo que respecta ao pago desta taxa, na páxina [www.dicoruna.es/servizos-tributarios/normativa](http://www.dicoruna.es/servizos-tributarios/normativa), os interesados poden consultar o *período voluntario de ingreso de débedas de vencemento periódico anual e notificación colectiva mediante padrón*, que para o actual exercicio económico esta fixado *do 15 de setembro ao 20 de novembro, ambos inclusive*, coas advertencias establecidas na propia Resolución provincial que así o estipula.

Vedra, 21 de xuño de 2017.

O ALCALDE,

Carlos Martínez Carrillo.

